

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO
EXTRAORDINARIA DE 7 DE NOVEMBRO

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00047421E.**

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. EDUCACIÓN. Referencia: **2023/00045792A.**

Aprobar o recoñecemento das obrigas derivadas do veredicto do xurado do XVI Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados.

Acórdase:

- 1.- Aprobar o recoñecemento das obrigas derivadas do veredicto do xurado do XVI Premio Internacional “Compostela” para Álbums Ilustrados, por importe de 9.000,00 euros (dos cales o Concello de Santiago de Compostela aporta 8.000,00 euros e a Editorial Kalandraka os 1.000,00 euros restantes) que nesta edición recaeu na obra “La visita”, presentada polas autoras catalás Núria Figueras Adell e Anna Font García.
- 2.- O gasto satisfarase con cargo á aplicación orzamentaria municipal 080 32600 4890100.
- 3.- O premio estará suxeito á retención fiscal que corresponda de acordo coa normativa de aplicación.

3. DEPORTES. Referencia: **2023/00014493F.**

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración co OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO S.A.D., ano 2023.

Acórdase tomar coñecemento da sinatura, o 6 de novembro de 2023, do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e o OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO S.A.D., ano 2023.

4. COMERCIO. Referencia: **2023/00042105L.**

Designación da entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela “Bonos Corazón Compostela 2023”.

Acórdase designar a Abanca Corporación Bancaria S.A coma entidade colaboradora seleccionada para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela, a través dos bonos Corazón Compostela 2023.